

PLAN DE IGUALDADE IES OTERO PEDRAYO, CURSO 2019/20

1. INTRODUCCIÓN

Actualmente, en relación coa igualdade de xénero, están contempladas na organización do centro e/ou se veñen realizando as seguintes obxectivos e actuacións:

- Nomeamento dunha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar.
- Activación de protocolos ou medidas de intervención para abordar condutas contrarias a convivencia por razón de xénero.
- Concreción dos obxectivos coeducativos ao través dos plans do centro.
- Difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa para a súa información e sensibilización.
- Concreción dos contidos dunha educación afectiva-sexual integral para todo o alumnado do centro.
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero.
- *Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTI).*
- *Presenza da coeducación como marca de identidade do Proxecto educativo.*
- *Impartición de materias de libre configuración específicas de igualdade de xénero.*
- *Actividades formativas específicas sobre obxectivos coeducativos (promoción da igualdade entre mulleres e homes, prevención da violencia de xénero, educación afectivo-sexual, prevención do abuso sexual infantil, prevención da LGBTIfobia...).*

Non así, polo de agora:

- *Participación do centro nos órganos consultivos ou de decisión para a prevención da desigualdade e da violencia machista.*
- *Participación en Plans de formación permanente do profesorado onde se traballe de maneira directa ou transversal a perspectiva de xénero etc.*

Aínda que este Plan de Igualdade é o primeiro que se elabora no centro o IES Otero Pedrayo é un centro comprometido coa igualdade de xénero. A inicios do curso 2017/18 a instancias da profesora Maite Bouza Pérez e do profesor Félix Longueira Fafián, o centro presentou unha proposta de coeducación ao III Premio Concepción Arenal de proxectos coeducativos pola igualdade de xénero, organizado pola Deputación da Coruña. A proposta, titulada “Máis pola igualdade”, resultou gañadora do premio, dotado con 5000€.

O importe do premio financiou numerosas actividades relacionadas coa promoción da igualdade nese curso e no curso seguinte. Estas actividades serviron para sistematizar o compromiso do claustro coa igualdade. A resposta do alumnado e do resto da comunidade educativa foi tamén entusiasta. As actividades desenvolvidas ao abeiro do programa “Máis pola igualdade” foron incluídas en diversos documentos de centro, dentro do programa de actividades complementarias, do PAT e na PXA como un dos obxectivos o desenvolvemento do proxecto específico “Máis pola Igualdade”. A valoración do seu desenvolvemento incluíuse nas memorias respectivas.



IES RAMÓN OTERO PEDRAYO

Na actualidade as actividades do programa “Máis pola igualdade” seguen a desenvolverse no centro, xa integradas dentro deste Plan de Igualdade. Entre as actividades realizadas ao abeiro de “Máis pola igualdade” figura a conmemoración de datas como o 25 de novembro, 8 de marzo ou 17 de maio.

No Plan de Acción Titorial recóllense tamén numerosos obradoiros e actividades para o alumnado relacionadas coa Igualdade de Xénero. Moitas delas lévanse realizando desde hai máis dunha década. Estas actuacións céntranse na educación nunha sexualidade responsábel, na prevención da violencia de xénero, na prevención das ETS e embarazos non desexados e na construción das identidades sexuais.

Ademais, o centro imparte este curso, por primeira vez, a optativa de Igualdade de Xénero en 2º ESO. Cursan a materia seis alumnos e quince alumnas de 2º ESO. A materia é impartida neste curso polo profesor Félix Longueira Fafián.

En canto ás medidas de acompañamento do protocolo de identidade de xénero, cabe destacar que o centro conta cunha certa experiencia na posta en práctica do protocolo, posto que xa tivo alumnado inmerso en procesos de reasignación de sexo. **As principais medidas de acompañamento que se recollen na documentación do centro son:**

Para a implementación das actividades relacionadas con este plan o Consello Escolar resolveu nomear na sesión do 11-decembro-2018 ao profesor Félix Longueira Fafián como responsábel de igualdade do IES Ramón Otero Pedrayo. O devandito profesor, xunto coa Dirección do centro, encárganse da redacción deste plan.

Elabórase este plan ao amparo da instrución do 6 de setembro de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a elaboración de Plans de Igualdade no curso 2019/20, nos centros docentes sostidos con fondos públicos de niveis non universitarios da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Título IV (artigo 23. A educación para a igualdade de mulleres e homes e artigo 24. Integración do principio de igualdade na política de educación).

LOE/LOMCE

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, contempla en varios apartados o tema da igualdade entre homes e mulleres. Vexamos a continuación algúns deles:

Non seu preámbulo establece que só un sistema educativo de calidade, inclusivo, integrador e esixente, garante a igualdade de oportunidades e fai efectiva a posibilidade de que cada alumno ou alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

O artigo 1 establece como principio da educación “o desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención



IES RAMÓN OTERO PEDRAYO

da violencia de xénero”. O artigo 2 dise que o sistema educativo orientarase á consecución de determinados fins, entre outros a “educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres (...)”.

No artigo 23.c fíxase como obxectivo para a Educación Secundaria Obrigatoria: “Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres”.

No mesmo sentido se expresan cadanseus artigos referidos a obxectivos da Educación Primaria, do Bacharelato, da FP e da Educación de Adultos.

No artigo 124 referido ás Normas de organización, funcionamento e convivencia, no punto 2. recolle que: “Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, na orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de falta moi grave e levarán asociada como medida correctora a expulsión, temporal ou definitiva, do centro”.

No Capítulo III, sección primeira, referido ao Consello Escolar, podemos atopar os seguintes artigos relacionados con este tema: Artigo 126.2 “Unha vez constituído o Consello Escolar do centro este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres”. No Artigo 127.g “Promover medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos entre todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social”.

Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Inciden particularmente na educación e formación en igualdade entre mulleres e homes os artigos 17, 18, 22 a 26.

Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. Contempla a entre os principios informadores e fins das normas de convivencia recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar o respecto ás diferenzas, entre elas, a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

Do mesmo xeito, establece como obxectivos xerais do Plan de Convivencia, entre outros:

- fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
- facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.



IES RAMÓN OTERO PEDRAYO

PROXECTO EDUCATIVO

Os sinais de identidade do IES Ramón Otero Pedrayo inclúen como un dos principios de actuación que han de orientar o seu labor educativo a

5. Coeducación

*Entendemos por coeducación, non só a educación de alumnos e alumnas no mesmo espazo educativo (educación mixta fronte a educación diferenciada), senón que tamén, evitar relacións de dominio que supediten un sexo ao outro, e incorporar en igualdade de condicións, á práctica educativa, as realidades e a historia das mulleres e dos homes para deste xeito **educar na igualdade dende a diferenza**.*

Pretendemos unha educación non sexista, o que implica:

- *Desenvolvemento dos valores de igualdade efectiva entre homes e mulleres mediante o coñecemento das diferentes realidades sexuais e de xénero e a prevención da violencia de xénero.*
- *Análise dos materiais curriculares, dos contidos e metodoloxías, para detección e rexeitamento de elementos curriculares con manifesto sexismo lingüístico ou roles estereotipados e discriminatorios, procurando pola contra aqueles que propicien unha práctica educativa en prol da igualdade na visibilidade e da solidariedade entre sexos.*
- *Procura da participación igualitaria para o pleno desenvolvemento das capacidades de ambos, como a programación de actividades complementarias e de acción tutorial, etc.*

Obxectivos coeducativos concrétnanse tanto no Plan de convivencia como no Plan de Acción Tutorial e no Plan de Orientación Académica e Profesional.

PLAN DE CONVIVENCIA

Obxectivos coeducativos recollidos no Plan de convivencia (accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTifobia), actuación e medidas.

4.1 Obxectivos xerais.

3. Fomentar no centro os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.

5. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

4.1 Obxectivos específicos.

5.2. Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situacións contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).

5. ACTUACIÓNS, MEDIDAS E PROGRAMAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA.



IES RAMÓN OTERO PEDRAYO

d) Campañas e actividades de sensibilización na igualdade entre homes e mulleres para previr a violencia de xénero.

e) Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal e social.

h) Constitución de grupos heteroxéneos e organización de medidas de atención á diversidade a partir da detección temperá de necesidades educativas e do proceso de avaliación inicial.

p) Programas que incorporen aspectos relacionados co autoconcepto e a autoestima, a xestión de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, a educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres, que se incorporarán ao PAT se o demandan os titores e co asesoramento do DO.

7.3 Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por circunstancia persoal ou social (nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas...).

13.2 Mecanismos de coordinación e colaboración no desenvolvemento do plan anual.

En cada curso incorporaranse ...

- Actuacións específicas para a prevención e o tratamento da violencia sexista, racista ou calquera outra das súas manifestacións.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL

Obxectivos coeducativos concretos no Plan de acción titorial (accións orientadas a fomentar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a previr a violencia de xénero e a LGBTifobia).

NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA.

Atención a prevención da violencia de xénero, a igualdade e a non discriminación nas normas de organización, funcionamento e convivencia.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E A LGTBIFOBIA

- Representación de profesorado e alumnado nos distintos órganos de decisión.
- Escolarización nas distintas etapas educativas e matrícula nos distintos itinerarios formativos.
- Nivel de titulación e resultados académicos obtidos.
- Necesidades específicas de apoio educativo ou nivel de vulnerabilidade polo grao de inclusión do alumnado no seu grupo de referencia.
- Abandono escolar temperán, taxa de idoneidade e absentismo escolar.
- Rexistro de condutas contrarias a convivencia (conflitividade escolar).



IES RAMÓN OTERO PEDRAYO

- Uso de espazos escolares e extraescolares e participación en actividades complementarias (ex. deportivas, artísticas, tecnolóxicas etc.).

O IES Otero Pedrayo contaba, a inicios do curso 2019/20 con 319 alumnas e alumnos, 33 profesoras e profesores e 6 PAS. Por sexos, distribuíanse da seguinte maneira:

2019-2020	MULLERES	HOMES	% MULLERES
ALUMNADO	154	165	48.3%
PROFESORADO	21	12	63.6%
PAS	6	0	100%

No centro impártense unicamente os catro cursos ordinarios da ESO, coa seguinte distribución por cursos, grupos e sexos:

2019-2020	ALUMNAS	ALUMNOS	PROFESORAS	PROFESORES
1º ESO A	10	16	8	3
1º ESO B	11	14	8	3
1º ESO C	14	12	7	3
1º ESO D	10	15	10	4
TOTAL 1º ESO	45	57	14	5
2º ESO A	7	16	8	9
2º ESO B	9	12	7	4
2º ESO C	11	12	6	4
2º ESO D	15	6	8	4
TOTAL 2º ESO	42	46	10	7
3º ESO A	14	11	7	6
3º ESO B	16	14	10	5
3º ESO C	15	11	8	6
TOTAL 3º ESO	45	36	12	7
4º ESO A	10	11	9	5
4º ESO B	9+3	9+6	10	8
TOTAL 4º ESO ¹	22	26	12	7

Destes datos dedúcese que:

¹ Interesa destacar, a efectos de analizar a participación das alumnas nos estudos científicos, que por mor da organización das optativas no centro, o 4º ESO A agrupa aquel alumnado que se orienta cara o Bacharelato de Ciencias, o 4º ESO B aquel alumnado con perfil maioritario de Bacharelato de Ciencias Sociais e Humanidades e o alumnado que se orienta cara os ciclos formativos.



IES RAMÓN OTERO PEDRAYO

A distribución do alumnado está bastante equilibrada con diferenzas do 3.4% en prol do alumnado masculino. Non así a do profesorado no que as mulleres representan o 63.6% e o PAS o 100%.

A lixeira predominancia de alumnos fronte alumnas, trasládase á maioría dos grupos, agás os grupos de 3º curso, 1ºC e 2ºD. Estes dous últimos grupos teñen a particularidade de estar determinados pola materia de libre configuración que cursan, Afondamento e reforzo de EF e Igualdade de xénero respectivamente.

A desproporción no profesorado a favor das mulleres trasládase a todos os equipos educativos dos diferentes niveis impartidos e a todos os grupos de cada nivel.

Ao longo destes últimos anos o número de profesoras do claustro sempre superou ao de profesores, trasladándose esta maioría aos Consello Escolar e á CCP. Só puntualmente algún departamento didáctico ten predominio de homes fronte a mulleres, valor pouco significativo polo reducido número de integrantes. En definitiva, o número de profesoras supera substancialmente aos de profesores.

No centro non resultan rechamantes os comportamentos discriminatorios. Nunha análise rápida poucas persoas da comunidade educativa recoñecerían que no centro exista un desequilibrio entre a situación de homes e mulleres. Con todo, e a falta de valoracións máis obxectivas, debemos recoñecer que estas frases que escribimos no outono do 2017 para a proposta de coeducación que obtivo o premio Concepción Arenal seguen a ser certas:

Moitas rapazas e rapaces do centro seguen a considerar que o lugar adecuado para a muller é a familia. Esta actitude pode presentarse dunha maneira máis branda (aqueles e aquelas que din, en serio ou en broma, que o obxectivo da muller adulta é cazar un marido rico) ou ben con actitudes de rexeitamento aberto cara os estudos porque entenden que non é necesario que as mulleres estuden. Esta última actitude dáse moito entre as rapazas xitanas e latinoamericanas do noso centro, mais tamén nunha pequena porcentaxe das demais rapazas.

Rapazas e rapaces adoptan de maneira máis ou menos consciente patróns de sometemento propios da sociedade patriarcal. Para ilustrar esta cuestión, ben podemos referir unha anécdota persoal. Na aula de Valores Éticos de 1º ESO xurdiu o caso de Harvey Weinstein [caso que saltaba aos medios en outubro de 2017 e daría orixe ao movemento #MeToo], o produtor de cine acusado de abusos sexuais. Para sorpresa do docente, moitas/os alumnas/os desa clase manifestaron abertamente que esa situación non implicaba sexismo ningún, posto que entendían que as actrices accedían voluntariamente ás proposicións do produtor.

Cando son interpeladas directamente, moitas rapazas manifestan ter sufrido trato discriminatorio. Por exemplo, á hora de practicar deporte, cando son menosprezadas polos seus compañeiros. Refírense tamén que segue a ser habitual a dobre moral nos comportamentos afectivos: gábase ao varón conquistador, en tanto se repudia a liberdade sexual nas rapazas. Este tipo de manifestacións adoitan tamén revelar comportamentos de discriminación racial ou sexual, cos que están estritamente relacionados.



IES RAMÓN OTERO PEDRAYO

En canto á presión sobre a imaxe corporal, é habitual que as rapazas do centro expresen o seu desagradado diante da presión á que son sometidas polos estereotipos de beleza feminina. Outras rapazas, porén, parecen asumilos con total normalidade. Unha breve ollada ao tipo de fotografías ou mensaxes que o noso alumnado transmite nas redes sociais serve para decatarse en que medida o alumnado do noso centro está sometido a unha imaxe corporal estereotipada e hipersexualizada.

Ademais, despois de case dous anos de intenso traballo no proxecto “Máis pola igualdade”, poderíamos engadir outras dúas reflexións acerca do enraizamento de actitudes sexistas entre o alumnado:

O uso dos espazos do centro, en especial dos espazos de lecer, é marcadamente sexista. Os campos de xogo, en especial a pista de fútbol, é un espazo profundamente masculinizado. Aínda que no centro hai bastantes rapazas que practican deporte, entre eles o fútbol, nas horas de recreo as rapazas prefiren adicarse a outras actividades. Así, na liga interna de fútbol que se organizou nos recreos durante o curso 2018/19, non houbo participación feminina.

Cando nas aulas se tratan cuestións relativas ao feminismo ou a violencia de xénero son poucos, mais significativos, as/os alumnas/os (especialmente estes últimos) que cuestionan a idoneidade das leis contra a violencia machista ou que usan termos incorporados do debate público como “feminismo radical” ou “feminazis”. Estes termos evidencian que, para unha certa parte do alumnado, a axenda feminista persegue a supremacía das mulleres sobre os homes.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN

1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

5. MEDIDAS CONCRETAS POR ÁMBITOS DE ACTUACIÓN

5.1. Organización do centro:

- 5.1.1. Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión, dirección e representación de xeito equitativo.
- 5.1.2. Nomear a Félix Longueira Fafián como responsábel en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de Igualdade.
- 5.1.3. Crear unha comisión de igualdade, baixo a denominación de Brigada Violeta aberta á participación de toda a comunidade educativa baixo a coordinación do devandito profesor.



IES RAMÓN OTERO PEDRAYO

- 5.1.4. Fomentar o uso da linguaxe inclusiva e igualitaria na actividades e documentos oficiais do centro.
 - 5.1.5. Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás familias).
 - 5.1.6. Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
 - 5.1.7. Impulsar a participación do alumnado e o profesorado do centro en certames relacionados coa educación e a igualdade.
 - 5.1.8. Continuar a colaboración con entidades como o CIM da Coruña, o CEIP María Pita ou o Centro Cívico de Monelos na realización de actividades coeducativas.
 - 5.1.9. Conmemorar co alumnado o Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres, 25 de novembro, o Día Internacional das Mulleres, 8 de marzo e celebracións LGTBI, 17 de maio.
 - 5.1.10. Colaborar co Departamento de Orientación no desenvolvemento de actividades de educación afectivo-sexual, xa contempladas no PAT.
 - 5.1.11. Colaborar co Departamento de Orientación para ofrecer unha orientación laboral e profesional libre de estereotipos, en especial no que se refire á FP Básica, os Ciclos Medios de FP E ás modalidades no bacharelato.
 - 5.1.12. Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
 - 5.1.13. Continuar ofertando a materia de Igualdade de xénero.
 - 5.1.14. Previr e detectar o acoso sexual, as manifestacións de violencia de xénero, ou a discriminación por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero entre a comunidade educativa, xa for no horario lectivo ou na vida cotiá.
 - 5.1.15. Diagnosticar de xeito preciso as manifestacións da desigualdade de xénero na comunidade educativa a través de enquisas telemáticas.
- 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:**
- 5.2.1. Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde a perspectiva de xénero: para incluír mulleres relevantes en cada ámbito d osaber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero....



IES RAMÓN OTERO PEDRAYO

- 5.2.2. Revisar o material didáctico empregado na aula dende a perspectiva de xénero (valores, normas, representacións, selección de contidos, dos persoaxes, das imaxes, da lingua, recursos audiovisuais..
 - 5.2.3. Incorporar a perspectiva de xénero ás celebracións e actividades complementarias deseñadas polos distintos departamentos didácticos.
 - 5.2.4. Promover traballos de investigación nas distintas materias en que se poñan de manifesto a ausencia de igualdade real entre homes e mulleres nos distintos ámbitos da sociedade.
- 5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo:**
- 5.3.1. Difundir as actividades relacionadas coa igualdade de xénero a través dos espazos expositivos do centro, da páxina web e das redes sociais ligadas ao centro, en especial daqueles ligadas ao programa “Mais pola igualdade”.
 - 5.3.2. Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar, en especial a través de exposicións bibliográficas e das redes sociais da biblioteca.
 - 5.3.3. Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero.
 - 5.3.4. Promover a inclusión na xestión dos espazos do centro e nas actividades deportivas que se realizan no centro no tempo de lecer.
 - 5.3.5. Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- 5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:**
- 5.4.1. Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
 - 5.4.2. Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.
 - 5.4.3. Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
 - 5.4.4. Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
 - 5.4.5. Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
 - 5.4.6. Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.



IES RAMÓN OTERO PEDRAYO

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A avaliación anual do plan contará coas seguintes ferramentas:

- Inclusión de preguntas específicas nas enquisas de final de curso para a memoria do centro.
- A valoración do alumnado sobre as actividades complementarias e extraescolares, que se recolle na memoria de actividades complementarias e extraescolares.
- Grao de interacción nas redes sociais do centro relacionadas coa igualdade.

Así mesmo establécense **indicadores de medida** para analizar o grao de cumprimento do plan e valorar os avances.

Logo da análise destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de or completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.

Para a valoración das medidas concretas de actuación, aplicarase unha listaxe de cotexo con items como os seguintes:

ÍTEMS	1	2	3	4
Incrementouse a presenza feminina no consello escolar				
Incrementouse a presenza feminina como delegadas de aula				
Incrementouse o emprego da linguaxe inclusiva e igualitario nas actividades do centro				
Mantívose a colaboración con outras entidades na realización de actividades coeducativas				
Realizáronse actividades arredor das datas coeducativas				
Concretouse o desenvolvemento da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro				
Concretouse o desenvolvemento da orientación laboral e profesional libre de estereotipos				
Revisáronse as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero				
Revisouse o material didáctico empregado na aula dende unha perspectiva de xénero				
Realizáronse actividades de sensibilización na aula				
Seguíronse promovendo lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar				
Xestionáronse actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión				
Promoveuse a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual				



IES RAMÓN OTERO PEDRAYO

Promoveuse a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, etc.				
Promoveuse o respecto cara á diversidade sexual e de xénero				
Promoveuse a corresponsabilidade na realización das tarefas				

Por último, cabe sinalar que os resultados obtidos presentaranse de xeito gráfico nun informe final que será exposto ante o Consello Escolar e o Claustro a finais de curso.